

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE XANEIRO DE 2015.**

**Presidente:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

**Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 53 E 54 CORRESPONDENTES OS DÍAS 19 DE DECEMBRO DE 2014 E 22 DE DECEMBRO DE 2014.**



Acordouse aprobar as actas núms. 53/2014 e 54/2014 correspondentes ás sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 19 de decembro de 2014 e 22 de decembro de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**3.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**3.1.-** Acordouse autorizar, polo que respecta ás competencias do Concello, a



Secretaría Xeral

cancelación rexistral de todas as condicións resolutorias que figuran inscritas sobre as fincas números 49956, 49957, 49958, 49959, 49960, 49961, 49962, 49963, 49964, 49965, 49966 e 49967, das do Rexistro da Propiedade de Lalín, dado que xa se cumpriu a condición imposta no seu día respecto da finca nº 42188 da que proceden, alleada polo Concello en favor da solicitante, e sen que, habida conta das circunstancias concorrentes, interese ó Concello exercer condición resolutoria algunha ó respecto por considerar que non reportaría beneficios para o interese xeral.

**3.2.-** Acordouse aprobar a colaboración coa empresa lalinense EDUVIA XESTIÓN, CULTURA E LECER S.L, e apoiar a solicitude do Campo de Traballo Internacional de modalidade ambiental e de emprendemento sostible perante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

**3.3.-** Acordouse **aprobar a concesión da tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía número 10/2014.

**3.4.-** Acordouse aprobar unha concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 161,83 euros.

#### 4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

**4.1.-** Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra no que comunican que unha vez aprobado o **Plan Provincial de Obras e Servizos 2015** e de conformidade co previsto na base V, a subvención que lle corresponde a este Concello de Lalín con cargo ó devandito plan ascende á cantidade de 412.617, 33 euros.

**4.2.-** Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra no que comunican que unha vez aprobado o **Programa de Acción Municipal 2015** e de conformidade co previsto na base oitava, a subvención que lle corresponde a este Concello de Lalín con cargo ó devandito plan ascende á cantidade de 19.203,22 euros.

=====

